



ANUNCIO

ASUNTO: CHAMAMENTO A PARTIR DA BOLSA DE TRABALLO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TÉCNICO/A DE IGUALDADE A2 APROBADA POR RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 812/2022, DO 07/07/2022

EXPTE. TEDEC: 2024/E001/000004

EXPTE.:RELACIONADO: 2022/E001/000008

ANTECEDENTES

1. Por Resolución de Alcaldía núm. 553/2022 do 12/05/2022 foron aprobadas as bases do proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de traballo para a cobertura de postos de técnico/a de igualdade, mediante concurso-oposición libre, como funcionario/a interino/a, grupo A2, que foron publicadas no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo o día 16/05/2022 e abriuse o prazo de presentación de solicitudes, de dez días naturais, ao día seguinte da publicación do seu extracto no BOP núm 95, do 20/05/2022.
2. Por Resolución de Alcaldía núm. 812/2022 do 07/07/2022 aprobouse a bolsa que quedou constituída polas seguintes persoas:

	EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
1	2022/E001/000041	SANJURJO RODRIGUEZ	M. ^a BELÉN	***9872**	85,00
2	2022/E001/000050	LAZO FUENTES	XIOMARA E.	***5643**	61,54
3	2022/E001/000052	SANTOS LAGO	LUCIA	***2680**	58,82
4	2022/E001/000033	FERNANDEZ ANDION	MARINA	***0280**	35,77

3. O Concello de Vimianzo ten concedida unha subvención ao abeiro da convocatoria Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico nos servizos municipais de Igualdade de Xénero (FOAI/2024) . No BOP núm. 30, do 09/02/2024 publicouse a resolución definitiva cunha concesión asignada ao Concello de Vimianzo de 22.000,00 euros (100%).
4. O Concello de Vimianzo desexa cubrir o servizo durante un período de 12 meses.
5. Considérase que se respecta o estipulado no artigo 20 da Lei 22/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados automaticamente para 2024, en virtude do establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, dada a necesidade urxente e inaprazable de atender aos requirimentos deste servizo dado, por unha parte, que se perdería a axuda concedida e, por outra, que se deixaría de contar con este servizo, necesario tendo en conta os compromisos derivados dos ODS 2030 e das políticas públicas en materia de igualdade e introdución da perspectiva de xénero na acción local.
6. Tense en conta que é preciso proceder ao nomeamento dunha técnica de Igualdade para cubrir un posto dentro do programa subvencionado pola Deputación e que previamente se debe levar a cabo o chamamento.



Tendo en conta o anterior, fago o **CHAMAMENTO** para cubrir un posto para un posto no Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico nos servizos municipais de Igualdade de Xénero (FOAI/2024):

Descrición da praza (Art. 10, 1c do TREBEP)
Denominación: Técnico/a de Igualdade
Escala de Administración Especial Subescala: Técnica, clasificada no Grupo A Subgrupo: A2 Nivel de complemento de destino: 16
Xornada: completa Duración: 12 meses
Postos: 1

Dentro do prazo de cinco días naturais contados a partir da publicación do chamamento no Taboleiro de Anuncios da Sede do Concello de Vimianzo a primeira persoa da lista (ou a que lle corresponda seguindo a orde de prelación, no caso de non contestación ou de rexeitamento) deberá presentar por sede electrónica :

1. DNI en vigor
2. Permiso de conducir en vigor
3. Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. No suposto de persoas discapacitadas, observarase tamén o que establece o apartado d) da base segunda da presente convocatoria.
4. Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
5. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social ou documento oficial que acredite o número de afiliación Seguridade Social.
6. Número de conta bancaria.
7. Documentación orixinal ou autenticada da documentación sobre requisitos e méritos de non habela presentado con anterioridade.

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado dixitalmente)